


Faro *da* Cultura



“Profesional, muy profesional”: Manuel Manquín en *Airbag* (1997).

Cando se constrúe un personaxe de ficción a partir da súa orixe, é doado caer na simplificación e no tópico. Á hora de deseñar eses personaxes, son “outros” para o autor e o seu colectivo social (nós, en definitiva, se actuamos de lectores ou espectadores en sintonía) aínda que compartan conosco afáns, esforzos, rúas e espazos. Afortunadamente, ás veces cabe a posibilidade de ser dos “uns” sen esquecer que tamén se é dos “outros”.

Sería este o caso de Pepe Carvalho, creado por Manuel Vázquez Montalbán. Este detective, formado á imaxe e semellanza do autor pero de maneira ideal, defínese ás veces como galego –pero sen máis connotacións– e outras como catalán pero sen esquecer as súas orixes (nin a súa condición de descendente de murcianos, como lle sucedía a Vázquez Montalbán).

Sabemos vagamente as súas orixes porque ás veces xira cartos a uns parentes da zona de Pacios, se ben tamén en *Tatuaje* confesa a dous galegos que traballan na Philips ser orixinario de Souto, preto de San Xoán de Muro (Láncara), precisamente onde naceu o pai do escritor.

Porén, Vázquez Montalbán nunca expresou as razóns que levaron a Pepe Carvalho a Cataluña. Aparentemente, a súa familia sería unha familia emigrante máis, circunstancia que non se daba no caso do escritor, cuxo pai estaba destinado en Barcelona como

Galegos apócrifos

Para alén dos estereotipos

JOAQUIM VENTURA



Juanjo Puigcorbé, en el papel de “Pepe Carvalho”. // FARO

policía desde os anos da República. Tal vez por iso aporte dúas razóns, inverosímiles ambas, para ese apelido á portuguesa do

detective.

No cine español temos diversos exemplos, obviamente, de personaxes galegos. O

máis frecuente é o de sereno, representado por Xan das Bolas (Tomás Ares Pena), porque eran moitos os galegos que exercían esta profesión en Madrid. O actor coruñés fixo este papel en *Curra Veleta* (1956), *Pecado de amor* (1961), *La verbena de la Paloma* (1963) ou *Las que tocan el piano* (1968). Tamén fixo de sarxento da garda civil –galego, por suposto– en *Historias de la radio* (J. M. Sáez de Heredia, 1955) e de segador galego en *La venganza* (1958).

Pepe Carvalho

defínese ao tempo

como galego e

como catalán

Máis recentemente, cómpre lembrar o vigués Manuel Manquín como o Pazos na película *Airbag* (Juanma Bajo Ulloa, 1997), na cal fai gala desa retranscrición tan galaica cando pronuncia frases como “profesional, muy profesional” ou “mira, nena, aquí hay una cuestión: el conceto es el conceto, esa es la cuestión”, retrucada con “igual que le digo una cosa, le digo la otra”.

Un terceiro ambiente onde atopar galegos inventados é en América. Collamos un traballo relativamente recente, a película *Gallego* (1987), do cubano Manuel Octavio Gómez, que narra a peripecia de Manuel, emigrado a Cuba antes da Guerra Civil, como o seu paisano Gundi, a quen coñece no barco.

E, anos atrás, non podemos deixar de lado os arquetipos dos galegos na Arxentina. Desde a protagonista do tango “Galleguita” (H. Pettorossi – A. Navarrine) que en 1925 popularizou Carlos Gardel. Pero o arquetipo do galego (ben estudado por Marina Guidotti de Sánchez) apareceu a comezos do século XX en saínetes crioulos e na revista *Caras y Caretas*: individuo rufo, celludo e co cabelo forte, erguido e nacido na fronte. Un retrato que pasou anos despois ao Manolito de *Mafalda*.

Pero tal icona evolucionou a unha “alteridade crioula” na literatura da memoria: daquelas, os galegos pasaron de seren vistos como criados fieis a traballadores honrados. Pero seguían a esquecer moitos galegos que na Arxentina exerceron de editores, xornalistas, artistas, tradutores. Temos unha excepción –antiarquétipo, cabería dicir– na novela de María Rosa Lojo *Finisterre* (2005), cuxa protago-

nista, Carmen Brey, una moza universitaria galega, discípula de María de Maeztu, é contratada pola escritora Victoria Ocampo.